Sprint MOTOR
www.sprintmotor.com

Renault Mégane F1 Team R26

Fórmula 1 ...da estrada

• proba

>> Páxs. 14 e 15

Kuga benvido ó bo camiño

• proba

>> Páxs. 12 e 13

Índice

Ráfagas	2	Reportaxe	16-17
Editorial	3	Competición	19-21
Seguridade	4	Concentración	22
Novas	5, 6, 7 e 9	Racing Show	23
		Ralicros Lousada	24

Automóviles J. y M. Fernández
Avda. Rosalía de Castro, 67
Milladoiro. Santiago de Compostela
Tels. 981 52 49 66 / 981 52 24 98

The Power to Surprise

www.kia.es

(*) Ejemplo de financiación para el modelo Rio 1.4 DOHC Concept 4p P.V.P. 9.100€ (precio válido en Península y Baleares, IVA, IM y descuento promocional incluido). No acumulable a otras ofertas. TIN 5,75%. TAE 6,75%. Importe financiado 9.100€. Gastos de apertura 1,25% (113,75€), gastos de estudio 1,25% (113,75€), plazo 72 meses, cuota primeros 12 meses de 60€, 60 meses restantes cuota de 171€. Coste total de la operación 11.207,50€. Financiación ofrecida por KIA Finance (nombre comercial de General Electric Capital Bank, S.A.). Válido hasta el 30/06/2008 o fin de existencias para todos los vehículos adquiridos en los concesionarios oficiales KMIB adheridos a esta promoción. REBE nº 08/22614. El modelo visualizado no corresponde con el ofertado.

très Bonn.

très Bonn es una forma de expresar en pocas palabras lo que significa el nuevo Citroën C5. Una mezcla de elegancia y tecnología calculada hasta el más mínimo detalle. Una expresión inteligente de lo que es el auténtico lujo: la calidad por encima de todo. Un gran coche, bien pensado, bien hecho... lo mejor del genuino espíritu francés unido al carácter de la más pura innovación. En dos palabras, "très Bonn".

NUEVO CITROËN C5. CARÁCTER ALEMÁN. ESPÍRITU FRANCÉS.

CITROËN pulse TOTAL
INFORMACIÓN CITROËN: 902 44 55 66 WWW.CITROEN.ES
Consumo mixto (L/100 Km.) / Emisión CO2 (grs./Km.): CB: 6,8- 10,5 / 149 - 248.

NUEVO CITROËN C5

VENDIDO A VENDIDO A
Noyamóvil
www.grupoNoya.com
SANTIAGO . 981 577 777

Talleres Sport Motor

Novas instalacións no Novo Milladoiro

O mundo das dúas rodas segue collendo pulo en Santiago. O emprendedor **Johann Grimm** acaba de inaugurar, cunha tremenda festa (espectáculo moteiro incluído), as novas instalacións de Talleres ***Sport Motor*** no polígono Novo Milladoiro. Exactamente na rúa Castiñeiras, na nave 106–A1. Este apaixonado das dúas rodas ofrece toda a gama de Kawasaki como servizo oficial, ademais doutras marcas de recoñecido prestixio e, como non!, os quad. Moitos afeccionados xa coñecen a Johann polas instalacións



anteriores que tiña no Milladoiro.

Talleres Sport Motor ofrece unhas amplas instalacións de case 500 metros cadrados, cun cadro de traballadores entre os que se atopan mecánicos, vendedores e administrativos. Parabéns por estas novas instalacións e que siga aumentando o espírito moteiro por estas terras.

Cacheiras, a rotonda da vergonza

Unha vez máis, e grazas ao home, a máquina gáñalle ao ser humano. Chega con ver a xa famosa rotonda de Cacheiras, onde só se pensou nos vehículos de motor. Unha ampla e extensa redonda que é un auténtico monumento horizontal de asfalto construído para honrar as máquinas á custa de dividir o colectivo humano. Xusto no cerne do que é a comunidade de Cacheiras constrúese unha unión de estradas que se converte na desunión dos veciños. A partir de agora haberá que diferenciar entre dous lugares en Cacheiras: o de abaixo e o de arriba. Un núcleo urbano cun gran fluxo de veciños que queda polo de agora partido por culpa dunha infaestrutura que só pensou nas máquinas.

Cando están de actualidade os deseños urbanos pensando en humanizar -bonita palabra- as cidades e as vilas, aquí fíxose todo o contrario. Faltan pasos de peóns seguros e cómodos, semáforos que regulen e melloren o paso dos veciños do lugar, extensos axardinamentos que "humanicen" está monstruosa rotonda e lembrar, unha vez máis como di o Editorial deste número, as persoas máis prexudicadas: as discapacitadas, que verán, aínda máis, limitada a súa capacidade de desprazamento de Cacheiras de arriba a Cacheiras de abaixo e vicerversa.

NEUMATICOS PERNAS
FIRSTSTOP
VENDA • REPARACIÓN
• MONTAXE E EQUILIBRADO • ALIÑADO ELECTRÓNICO •
LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA
NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

Gran variedad en Desayunos y Platos Combinados
Cafetería La Abranza
Montero Ríos, 39 • SANTIAGO
Teléfono 981 593 636

¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!
O REI DO BOCADILLO CERVECERIA
Bocadillos
Sandwichs
Hamburguesas
y Pollos Asados
Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos
Teléfono 981 590 538

Barreiras arquitectónicas, desigualdade social nas rúas

Poderiamos parar a analizar todas aquelas barreiras arquitectónicas que enchen as nosas cidades, seguramente máis que as que imaxinamos os cidadáns que afortunadamente non temos ningunha discapacidade. Uns inconvenientes que ás persoas cunha discapacidade lles fan a vida máis complexa e complicada, as máis das veces por unha falla de sensibilidade social dos políticos e da sociedade en xeral.

Pouco a pouco os semáforos sonoros, de grande utilidade para as persoas invidentes, van cubrindo as nosas cidades. Certamente, o volume das voces dos amables personaxes que convidan aos invidentes a cruzaren, en ocasións, non alcanzan os decibeis necesarios para unha perfecta audición por parte destes. Temos que supoñer que non o fan para evitar a contaminación acústica das cidades nas que eses útiles semáforos loitan contra o atronador ruído emitido por vehículos motorizados que semellan ser os reis da selva asfáltica. Hai que darse conta de que ese son emitido por un semáforo é a referencia dun invidente. Se o volume é baixo, esta axuda non vale para nada.

Outro atranco para as persoas que necesitan dunha cadeira de rodas ou mesmo dun bastón son os bordos. Porque moitas veces un simple bordo, que para uns pasa inadvertido, para outros supón un muro infranqueable de cara á liberdade e a igualdade.

Como posible solución a estes inxustos atrancos urbanos está o desenvolvemento de comisións de urbanismo, xa postas en marcha nalgúns concellos, nas que se mesturen os coñecementos de técnicos, políticos e arquitectos coa intuición e sensibilidade de colectivos de discapacitados e outras entidades que poidan arrimar o ombreiro na procura dunha habitabilidade máis xusta e solidaria. Comisións con vondade de traballaren e lexislaren a favor da sociedade, que antepoñan os dereitos e necesidades dos cidadáns ás corruptas e inxustas políticas de ordenación territorial. Xentes e decretos que derruben coa forza da vondade os atrancos físicos, urbanísticos e psicolóxicos que obstaculizan o normal desenvolvemento dos cidadáns galegos do século XXI.

O día no que sexamos conscientes de que as barreiras arquitectónicas, escaleiras, cruzamentos perigosos, beirarrúas estreitas, semáforos non sonoros, ausencia de pasos de peóns e bordos insalvables prexudican de igual xeito aos discapacitados e ao resto de membros da sociedade, estas deixarán de existir dun xeito democrático.

As rúas, en síntese, non son máis ca o espello da realidade social na que vivimos, a crúa imaxe do desequilibrio social, a desigualdade, as inxustizas, pero, tamén o espazo ideal de convivencia sobre o que afianzar os primeiros pasos encamiñados a estruturar a igualdade de oportunidades. Quédanos moito camiño por percorrer.

HYUNDAI CONCESIONARIO OFICIAL

XACOBEO MOTOR, S.L.

ACCENT MC 4P 1.4 GL	9638FYY	03/01/2008	BLANCO	10.500 €
ELANTRA 4P 1.6 FL COMFORT	2657FYY	02/01/2008	AZUL OSCURO	13.500 €
GETZ 3P 1.5 CRDI GL	9638 FYY	03/01/2008	NEGRO	10.100 €
GETZ 3P 1.1 GL	9642 FYY	03/01/2008	PLATA	8.500 €

>> Exclusivos Vehículos de Flota <<

Teléfonos: 981 56 96 32 - 981 56 96 30 – Boisaca - SANTIAGO

Sprint MOTOR

Editor: Arrincamos, S.L.
Director: Xurxo Sobrino Morán
Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Xan M. Pérez, Sevi Martínez, César Raña, Edu Lavandeira, Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño, Ray Mosquera, Sonia Pena, Rodrigo Medina, Xosé Arufe e Luis Penido.

Deseño e maquetación: *AURADISEÑO*
auradiseno@wanadoo.es
SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21
Tfno. e Fax 981 801 458 •
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com
IMPRIME: Recoprint
Depósito Legal: C–138/97

D. Tráfico e D. Prudencio

D. Prudencio: Co bo tempo e os días con máis horas de luz as fins de semana son unha tentación para milleiros de automobilistas, que saen á estrada en viaxes que adoitan ser máis longas. Por iso será conveniente recomendar mesura á hora de comer.

D. Tráfico: Mesura e abstención. Non estará de máis lembrar que o bo condutor non debe comer en exceso nin beber alcohol cando ten que conducir. Así mesmo cómpre descansar anteriormente á viaxe e ter un sono reparador.

D. Prudencio: Hai moitos coches actuais que se poden pechar sen necesidade de utiliza-la chave, co risco de que o vehículo quede cerrado coas chaves postas no contacto. ¿Non si?

D. Tráfico: Si, por iso sempre que a familia sae de viaxe, aínda que só sexa nunha pequena excursión, é conveniente levar un duplicado das chaves do coche. Este xogo de chaves, para maior seguridade, debe encomendarse a unha persoa distinta do condutor. Desta forma non corrémo-lo risco de quedar tirados pola perda das imprescindibles chaves.



D. Prudencio: Don Tráfico, nos libros de mantemento que traen os automóbiles veñen uns prazos para o cambio de aceite, deben seguirse estes estritamente.

D. Tráfico: No libro de instrucións que acompaña ó vehículo soen aconsellarse os prazos para o cambio de aceite. Así e todo, se se trata dun motor vello e con moitos quilómetros, será bo que acurtemo-los prazos.

Coa colaboración da: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia

Audi premiada polo seu sistema ASF

A Oficina Europea de Patentes vén de celebrar a terceira edición deste concurso no que se premian as ideas que achegan axudas para o crecemento económico e a competitividade a nivel europeo. Desta volta, o gañador da categoría Industria foi Audi que resultou galardoado co premio Inventor do Ano 2008 co gallo da súa tecnoloxía Audi Space Frame (ASF). Os coinventores do enxeño ASF, Heinrich Timm e Norbert Enning, recibiron o premio en Ljubljana (Eslovenia).

E que é o ASF? Trátase dunha estrutura de aluminio empregada a xeito de carrozaría nos vehículos, resulta moito máis resistente que as tradicionais carrozarías de aceiro e ofrece maior protección en caso de accidente. Baixo o nome de ASF agóchase unha armazón de aluminio constituída por unha serie de paneis que diminúen o peso dos vehículos, o que supón unha menor emisión de CO2 e mellora as prestacións.

O concepto ASF amosouse por primeira vez no Salón Internacional do Automóbil de Frankfurt en 1993, aplicado á carrozaría do Audi A8. Na actualidade contan tamén con este sistema o Audi TT Coupé, o Audi TT Roadster e o Lamborghini Gallardo (marca do Grupo VW).

Kia achega o ombreiro na UEFA

Kia Motors, patrocinador principal da UEFA e vehículo oficial da Eurocopa 2008, contribuirá con 265 turismos e 463 autobuses ao transporte da devandita Eurocopa 2008, que terá lugar en Suíza e Austria a partir de xuño. A marca surcoreana, xunto con Hyundai (compañía asociada), cederá para este evento varios dos seus modelos: Opirus, cee'd, Sorento, Carens e Carnival.

Kia converte este xesto en algo positivo, tanto para a Eurocopa coma para a propia marca, pois detrás desta acción hai un estratexia de marketing para dar a coñecer a firma asiática. No entanto, Kia segue a propoñer ideas e achega un maior apoio nas xiras EURO Experience que se celebrarán nos devanditos países. Para isto, ofrecerá diversos xogos e eventos co fin de que os seareiros poidan sentir de preto a Eurocopa.

Outro dato a sinalar na axenda de actividades futbolísticas de Kia e Hyundai e que ámbalas dúas compañías patrocinan a FIFA, os mundiais de 2010 e 2014 e a UEFA .

Amais disto, Kia Motors é patrocinador de clubs de fútbol: en España do Atlético de Madrid e en Francia do Burdeos.

Audi TT, edición especial

Audi está a presentar o TT clubsport quattro coma se fose a peza que cubre o oco deixado entre a alta tecnoloxía de competición e o mercado xeral. E faino salientando o seu carácter de "máquina sen compromisos na condución". O novo coche ten unha serie de características que rubrican o devandito: máis de 300 cv, habitáculo aberto e carrozaría tipo speedster con todo tipo de elementos dirixidos a achegar dinamismo. Pero hai máis: parabrisas especialmente plano (con piares A case invisibles que fan que toda a contorna do cristal semelle dunha soa peza), frontal con grella single-frame negro intenso, faros con franxa de LED para luz diurna e ocos para a entrada do aire na grella horizontal. Asemade, inclúe iantas pulidas de 9 x 19 polgadas naas que se asentan neumáticos 255/35, vías espalladas 66 milímetros con respecto ó modelo TT de serie e un parachoques traseiro desenvolvido coma un difusor. Polo que atinxe ao habitáculo, dicir que comparte o espírito de regreso á pureza da feitura externa, salientándose sobre todo a amplitude do interior (hai asentos de competición para condutor e acompañante). Esta edición especial non supón unha ruptura con respecto a unha das características da casa: o emprego intensivo do aluminio. Haino no cambio de marchas, nos tiradores das portas e mesmo nos pedais.

Nemo Combi: campo ou cidade?

Citroën pon á venda unha nova versión do Nemo, o Nemo Combi: un vehículo comercial para a cidade ou un vehículo de lecer para o campo.

O Nemo é quen de acoller a 5 pasaxeiros, con 3,86 metros de longo e 9,95 metros de diámetro de xiro pode acadar (cos asentos traseiros baixados) un volume de arredor de 2,5 m3.

O Combi de Citroën non só pensa en traballo, a versión Combi XTR pódese converter na compañeira perfecta de sendeirismo: con rodas de 15 polgadas, suspensión máis elevada, placa de protección baixo o motor e proteccións externas con reforzo, barras para o teito que cargan con até 100 quilogramos de peso para unha bici ou o que queiramos.

O Nemo Combi preséntase con dous motores: por unha banda o diésel Hdi cunha potencia de 68 cv e unha cilindrada de 1.399 cm3, é de subliñar o seu consumo ben económico (4,6 l/100 km en ciclo mixto); pola outra banda a versión gasolina cunha potencia de 73,5 cv e unha cilindrada de 1.360 cm3,o seu consumo é de 7 l/100 km.

Os prezos van desde os 10.589,87 euros do Nemo Combi X 1.4i até os 14.221,38 euros do Nemo Combi XTR Hdi 70.

C5 Tourer no Salón do Automóbil de Madrid

Citroën escolleu o Salón Internacional do Automóbil de Madrid como marco no que se puido fitar o rexurdir do C5 nas súas versións Berlina e Tourer.

Coidado especial referido á acústica e ás vibracións pretenden ser as armas que sitúen ó C5 no cumio das berlinas e breaks de gama media-alta. Xa no interior do vehículo percibimos a dedicación rigorosa polos detalles, o cadro de instrumentos e o posto de condución evocan o mundo da aeronáutica.

Unha preocupación pola unión home-máquina latexa ós mandos do C5, conta disto é: o volante con mandos centrais fixos de última xeración, as axudas á condución, a comodidade nos asentos que se adaptan ás diferentes preferencias, tapizarías en coiro, un espazo salientable no habitáculo (65 mm máis longo que o seu predecesor), trens rodados e suspensión á carta (Hidractiva III+ ou suspensión metálica).

É de subliñar que o C5 Tourer achega unha seguridade activa e pasiva de primeiro nivel: ABS, ESP e até 9 airbags, produto de todo isto son as 5 estrelas Euro NCAP en protección de adultos que posúe o vehículo.

En canto ós motores, o C5 estará dispoñible en tres versións gasolina: 1.8i 16V de 127 CV, 2.0i 16V de 143 CV e 3.0i V6 de 215 CV; e catro variantes diésel: HDi 110 FAP, HDi 138 FAP, HDi 173 FAP e V6 HDi 208 FAP.

A *evolución* dos Lancer

Árbore xenealóxica de Mitsubishi xa ten unha póla máis, o ronsel evolutivo da familia Lancer déixanos a terceira creación: o Lancer Evolution.

Nesta ocasión, Mitsubishi recorre á sinxeleza na designación deste modelo (sen sufixo numérico) ca intención de identificar ó Lancer Evolution co apoxeo de toda a gama.

Chegará a España en dúas versións: por unha banda a GSR, que contará con: cambio manual de 5 velocidades, sistema de control dinámico S-AWC, faros dianteiros Bi-Xenon, sensor de escuridade e prendido automático de luces, luces dianteiras auto-adaptativas, sensor de chuvia, climatizador, etc. Por outra banda, temos a versión MR, cumio da gama, dotada con: sistema de navegación MMCS con servidor de música, sistema intelixente de apertura de portas sen chave, sistema Bluetooth para móbiles con mandos no volante, etc. Cómpre salientar nesta versión a transmisión automática de dobre embrague con modo deportivo TC-SST (Twin Clutch Sport Shift Transmission) de seis velocidades, un enxeño quen de conciliar a economía do combustible e a diversión dunha caixa manual co aquel doado dunha transmisión automática

O Lancer Evolution vén provisto cun motor 4B11 DOCH MIVEC que achega unha potencia de 295 cv, posúe un par motor de 366 Nm e acada unha velocidade máxima de 242 km/h.

Os prezos do Lancer Evolution son: a versión GSR por 49.350 euros e a MR por 57.950 euros.

Fiat Bravo: líder dos compactos

A marca Fiat vén de anunciar que, logo dun ano no mercado, o Fiat Bravo acaba de dobrar as vendas da firma italiana. O lanzamento deste vehículo -a finais de abril de 2007- supuxo dentro do segmento C ou dos compactos un aumento nas vendas para Fiat, chegando a matricularse 12.301 unidades do Bravo.

Cómpre salientar que o devandito modelo conta cunha única carrozaría, dispoñible en 5 portas, e vén co engadido dos novos motores turbo diésel de gasolina TJET de 120 e 150 cv. Asemade, o Bravo ofrece máis e mellores opcións: o novo motor MTJ 1.6 de 105 cv, a versión máis respectuosa co medio, cunhas emisións por debaixo dos 120 g/km.

A gama dos Bravo achegará, nos vindeiros meses, novos cambios automáticos e será en setembro cando se poderá ver a face máis deportiva deste modelo que achegará un motor turbodiésel 2.0 de 165 cv.

Brea Automoción, o mellor concesionario de Škoda en España

O concesionario compostelán Škoda Brea Automoción vén de recibir o premio ó Mellor concesionario español de 2007. A entrega deste galardón co que a marca -con sede en Chequia- premia ós mellores concesionarios Škoda no mundo, tivo lugar o 9 de maio na capital checa, no transcurso dunha espectacular cerimonia na que don José Brea, presidente fundador do Grupo Brea, recolleu o premio máis desexado polos profesionais do eido.

Logo de seis anos de vida, Škoda Brea Automoción álzase por segunda vez con este galardón a nivel nacional, coincidindo tamén ca proclamación de España como sétimo mercado máis importante para Škoda tras países coma: Alemaña, Polonia, Reino Unido ou a emerxente China.

Škoda, presente xa en cen países, distingue a Škoda Brea Automoción logo de avaliar de xeito moi coidadoso os baremos máis significativos que sitúan ó concesionario no primeiro posto do ranking nacional: ben polo seu excelente índice de crecemento anual, ben por acadar as mellores notas no seu servizo posvenda (tanto en recambios coma no taller) e, sobre todo, grazas a obter a máxima cualificación no índice de satisfacción a nivel asistencial entre os clientes do devandito concesionario. A escolla como concesionario Škoda do ano en España e a posterior ratificación desta decisión por parte dos importadores, permiten ó fabuloso equipo humano de Škoda Brea Automoción compartir con todos os seus clientes e amigos o título de Mellor concesionario Škoda do ano en España.

Trofeo RaliShow Santiago

O 28 e 29 de xuño un novidoso evento do motor en Compostela

Nace na capital galega o RaliShow Santiago, un evento que aglutinará en dous días todo o que é mundo do motor e a alta competición.

Todo comezará o 28 deste mes. Na sede da Fundación Caixa Galicia de Santiago comezará a rodar o RaliShow cunha conferencia sobre o motor, na que se intentará analizar a situación do mundo da competición en Galicia. Para iso a organización tratou de xuntar a pilotos, copilotos, enxeñeiros e xornalistas nunha soa mesa para que expoñan as súas ideas e reflexións. Xente como Antonio Zanini, Pablo Cornes, Chiqui Gutiérrez… cunha dilatada experiencia na alta competición, farán as delicias dos afeccionados que asistan a este parladoiro.



O seguinte día chega o espectáculo, aos pilotos punteiros do Campionato Galego de Ralis hai que sumar aos máis espectaculares pilotos do panorama nacional que disputarán en formato carreira de campións o trofeo RaliShow Santiago.

Pedro Burgo, Luis Penido, Toño Villar, Pablo Rey, Magariños, Rico, Doce, Alberto Meira, Roberto Blach e Amador Vidal, entre outros, farán as delicias do público que asista ao Recinto Feiral de Amio en Santiago de Compostela.

Outro dos actos do que se compón este novidoso evento é unha exhibición realizada polos mellores pilotos do Supermotard Galego que farán demostracións de pilotaxe e destreza desta modalidade deportiva, xente como David Vázquez, Eloy Fernández, Ángel Tombo, Alejandro Collazo, Óscar Sanromán, Fran Álvarez e Antonio Esteban demostrarán de que son capaces e mostrarán ao público en que consiste o deporte do Supermotard.

Todo isto sumado a unha exposición de coches de competición, speaker, animadoras, e outras sorpresas farán do RaliShow unha experiencia nova en Galicia.

Invierte en la gama Citroën:

CITROËN C2 desde 7.980€*
Y además tienes un C2 Audace Pack con: Climatizador, llantas de aluminio, regulador y limitador de velocidad, encendido automático de luces, limpiaparabrisas con captor de lluvia, pintura metalizada, radio CD mp3, Bluetooth.
Desde 10.450€**
CON SEGURO A TODO RIESGO DE REGALO¹

CITROËN C3 desde 8.500€*
Y además tienes un C3 Audace Pack con: Climatizador, llantas de aluminio, regulador y limitador de velocidad, encendido automático de luces, limpiaparabrisas con captor de lluvia, pintura metalizada, radio CD mp3, Bluetooth.
Desde 10.840€**
CON SEGURO A TODO RIESGO DE REGALO¹

CITROËN C4 desde 11.300€*
Y además tienes un C4 Collection Pack con: Climatizador bizona, llantas de aluminio, regulador y limitador de velocidad, encendido automático de luces, limpiaparabrisas con captor de lluvia, pintura metalizada, radio CD mp3, Bluetooth.
Desde 12.750€**
CON SEGURO A TODO RIESGO DE REGALO¹

CITROËN XSARA PICASSO desde 13.300€*
Y además tienes un Xsara Picasso Exclusive con: Climatizador, llantas de aluminio, ayuda al estacionamiento trasero, regulador y limitador de velocidad, encendido automático de luces, limpiaparabrisas con captor de lluvia, pintura metalizada, radio CD. Desde 14.600€**
CON SEGURO A TODO RIESGO DE REGALO¹

Operaciones especiales en www.citroen.es Teléfono de Atención Citroën 902 44 55 66. CITROËN prefiere TOTAL

Consumo mixto (L/100 Km.) / Emisión CO_2 (grs./Km.): C2: 4,2-6,9/111-163 C3: 4,3-7,2/113-172 C4: 4,5-8,1/120-193 C4 Sedán: 5,2-7,6/136-179 Xsara Picasso: 5,1 - 7,3/135-172

CITROËN
NO TE IMAGINAS LO QUE CITROËN PUEDE HACER POR TI

*PVP recomendado C2 1.1i Furio, C3 1.1i Furio, C4 1.4i 16v LX Coupé, C4 Sedán 1.6i 16v LX Plus, Xsara Picasso 1.6i 16v LX Plus. (Incluye I.V.A., impuesto de matriculación, transporte y oferta promocional). **PVP recomendado (Incluye I.V.A., impuesto de matriculación, transporte, oferta promocional). Ofertas no acumulables. Válido hasta fin de mes, para turismos en stock, en Península y Baleares para clientes particulares, en los puntos de venta que participen en la operación. Modelos visualizados: C2 Cool, C3 Exclusive, C4 VTR Plus Sp., C4 Sedán Exclusive, Xsara Picasso Exclusive. 1) Seguro a Todo riesgo de regalo con franquicia (de entre 150€ a 600€) incluido durante todo el primer año con la Compañía Direct Seguros, e intermediado por Aon Gil y Carvajal S.A.U. Correduría de Seguros, ofrecido por Citroën Credit, para clientes particulares mayores de 28 años que financien un C4, C4 Sedán o un Xsara Picasso, y sin límite de edad para clientes que financien un C2 o un C3, con un capital mínimo de 5.000€.

Insignia: O deseño dos futuros Opel

O aspecto do Insignia indica a nova dirección da marca e mostra os novos elementos de deseño que se verán nos futuros modelos Opel.

"Co Insignia, definimos novamente o noso vocabulario de Deseño," di Mark Adams, Vicepresidente de Deseño de GM Europe. "O Insignia é atlético e poderoso, ao tempo que moi elegante. Ten movemento; as superficies flúen de forma harmónica, con marcadas liñas de unión que definen a forma dinámica, de forma que non se cansasen de miralo. O noso obxectivo foi desenvolver unha aparencia atraente que convidase a todo o mundo a experimentar por si mesmos a superior dinámica de condución do coche, pero tamén que é un vehículo moi bonito con aspecto Premium".

Cinco estrelas para o Skoda Superb

O Skoda Superb conseguiu 5 estrelas, a máxima puntuación posible, nas últimas probas de choque realizadas por Euro-NCAP. Unha das claves deste éxito foi a inclusión do airbag de xeonllo para o condutor. O Superb acadou tamén os máximos resultados posibles na simulación de impactos laterais e impactos laterais contra postes, ao recibir 35 puntos en protección para adultos e 40 para nenos. A protección dos peóns en caso de accidente tamén foi moi alta.

A versión de entrada do novo Superb custa 22.840 euros e inclúe sete airbags, ESP con ABS e ASR, ademais doutros elementos de seguridade como unha nova xeración de carrozaría, que é máis ríxida que a do seu predecesor, así como de uns asentos dianteiros optimizados para protexer aos ocupantes de lesións cervicais.

Un Volkswagen Caddy, unha árbore

Volkswagen segue a súa andaina BlueMotion, concepto que ten a súa orixe no Polo e no Passat, antecedentes da nova creación xermana de face máis limpa, o Caddy. Con este vehículo, a firma segue a confiar no alicerce de ideas pasadas: espazo ben distribuído, aforro no consumo (5,7 litros ós 100 km) e o máis importante, redución das emisións de CO2 (149 g/km). Para chegar a este punto, o motor sufriu varios cambios como un desenvolvemento máis longo para a caixa de cambios que complementa a motorización TDI de 1,9 litros e 105 cv, con filtro de partículas.

A marca convida a moverse para protexer ó planeta e propón ó Caddy como instrumento para desprazármonos e sermos respectuosos co medio. Este modelo trae como equipo de serie unha árbore que será plantada no bosque BlueMotion (na serra de Segura, Albacete), froito da colaboración da casa alemá coa Fundación + Árboles. Os clientes que o desexen poderán neutralizar emisións de CO2 a través do Programa CO2 Neutral, plantar árbores a xeito de resposta contra a contaminación.

Prezos do Caddy BlueMotion (5 prazas): Furgón: Desde 16.650 euros / Kombi: Desde 17.430 euros / Life: Desde 19.550 euros

Versión gasolina do C-Crosser

A versión gasolina do C-Crosser, o 4x4 de Citroën, xa é unha realidade. O novo motor 2.4i, que incorpora 170 cv DIN e que se engade ao 2.2 Hdi 160 FAP que estaba presente nesta gama de todoterreos dende a súa orixe, estará dispoñible en todos os acabados. A casa francesa ofrece como opción un cambio automático de variación continua CVT de seis velocidades (que asegura o par motor máis axeitado e mesmo en situacións extremas, amais dun menor consumo). A versión gasolina, que tamén dispón de modo manual, ten un consumo de 9,4 l/100 km en ciclo mixto, que se converten en 9,3 l/km co CVT. Polo que respecta ó equipamento, dicir que inclúe seis airbags, ESP, ABS con repartidos electrónico de freada, climatización automática, radio CD MP3 con seis altofalantes e mandos no volante e máis computador de a bordo multifunción, entre outras novidades.

Como curiosidade, sinalar que as versións Exclusive achéganlles aos seareiros máis esixentes os seguintes elementos: luces de xenon con lavafaros, asento do condutor con ancoraxes eléctricos, axuda ao estacionamento traseiro e tapizaría de coiro.

Prezos: Dende os 31.950 euros do C-Crosser 2.2 HDi 160 FAP VTR até os 36.250 euros do C-Crosser 2.4i 170 CVT Exclusive.

Multivan United

O Multivan United chega ao noso mercado como unha edición limitada, que substitúe ao Multivan Atlantis. A súa imaxe transmite ademais a versatilidade deste modelo, apto para todo tipo de usos.

O Multivan United é de cor "Branca Campanella" de serie, aínda que se poden elixir opcionalmente outras pinturas de carrozaría como a negra, a prata, a azul e a gris. A porta corredeira e as lamias de aliaxe "Thunder" de 17 polgadas, son dúas das súas señas de identidade, xunto ao perfil que lle proporciona a suspensión deportiva. Tamén chaman a atención os cristais e ópticas traseiras escurecidas, os anagramas United sobre as ópticas dianteiras e os faros antinéboa que este modelo equipa de serie. No habitáculo evidénciase a funcionalidade deste modelo, baseada no excepcional aproveitamento do espazo e no concepto modular do seu equipamento interior.

Os prezos van dende os 37.230 €do Multivan United 1.9 TDI 102 cv manual 5v até os 48.898 €do Multivan United 2.5 TDI 174 cv 4Motion manual 6.

Nissan GT-R

O novo Nissan GT-R é un dos automóbiles de altas prestacións máis avanzado tecnoloxicamente xamais presentado para un uso de rúa. É un dos coches máis rápidos do mundo ten ó récord de volta do famoso circuíto alemán de Nürburgring para un coche de serie.

As súas características inclúen un avanzado sistema de tracción integral que mellora a tracción no paso por curva. Este sistema de catro rodas motrices utiliza unha disposición *transaxle* (inédita nun 4x4) para aumentar a axilidade. Dispón dun novo motor V6 de dobre turbo con 480 cv, a súa lixeira carrozaría, construída sobre unha nova plataforma chamada Midship, combina a aliaxe de aluminio co carbono e o aceiro. A transmisión de dobre embrague con paletas de accionamento garante unha velocidade excepcionalmente rápida no cambio de relación, así como a comodidade de poder ser utilizada en modo completamente automático.

Santiago, capital dos Scooters

O pasado sábado 31 de maio, celebrouse en Santiago a IV edición da Scooterada Compostelá. Este é un evento que prepara o ScooterClubCompostela, unha sección de Vespas e Lambrettas clásicas do MotoClubCompostela, e que cada ano acada máis número de participantes. O sábado amencía anubrado en Santiago mais iso non foi impedimento para que 75 motoristas e 60 motocicletas (Vespas e Lambrettas clásicas) aceptaran a invitación do SCC, para saír rodando dende a capital galega até Arzúa, pasando polo encoro de Portodemouros. Tamén os medios quixeron estar neste encontro, un equipo da Televisión de Galicia agardaba ós motoristas na praza do Concello de Arzúa, o motivo era facer un directo do acontecido para o magazine A Revista Fin de Semana. Logo dun pequeno refrixerio que serviu para aumentar o ánimo de todos os participantes, a caravana comezou a rodar cara ao Concello de Sigüeiro onde unha comitiva do mesmo -encabezada polo alcalde e o concelleiro de Cultura- obsequiaría aos participantes cun xeneroso ágape despois do correspondente discurso de benvida. Pouco repouso houbo nesta parada xa que no Concello de Trazo, acompañados dun contorno ben fermoso, agardaba o xantar na Casa Rosinda.

Así que se entregaron os trofeos e agasallos, os participantes divertíronse de seguido nunha xincana de habilidade onde o máis importante non era a velocidade senón a pericia dos xogadores.

Cara a noite, o evento tería un final feliz na praza compostelá de San Fiz: un discurso de despedida do noso amigo Luís Rial -veterano xornalista amante destes vehículos de dúas rodas- e música en directo a cargo de Degüello, conxunto de rock'n roll que achegou versións de clásicos coma ZZ Top.

O encontro foi un éxito en toda a súa magnitude, só salientar a pouca colaboración do Concello anfitrión de Compostela ante a negativa de deixaren saír ós participantes desde a Praza do Obradoiro, coma acontecera nas tres edicións anteriores. A Concellería de Tráfico e Seguridade Cidadá non estivo á altura do evento entorpecendo a saída dos participantes, sabendo que moitos deles acudiron dende lugares ben afastados de Compostela; con todo, non puidemos ofertarlles a hospitalidade que quixeramos e que merecían. Todo o contrario aconteceu ca Policía Local, que se amosou sempre partícipe e colaboradora, adoptando unha posición conciliadora ben distinta á do Goberno Local.

A caravana Rock in Rio pasou pola Coruña

Coma a emoción que se vive nun concerto… deste xeito se viviu o paso da Caravana ROCK IN RIO pola cidade de A Coruña, do 27 ó 31 de maio dez Yaris Rock in Rio percorreron as rúas da cidade.

O discorrer da Caravana tivo como itinerario algunhas das zonas máis sobranceiras da cidade: o Paseo Marítimo, a Torre de Hércules, Os Cantóns, a Praza de María Pita, a Dársena; asemade tamén se visitou a parte comercial: Os Rosais, Catro Camiños, a Praza de Lugo e lugares máis residenciais e de lecer coma Matogrande, Rosais…

Os que tiñan aceso o seu Bluetooth recibiron información puntual da chegada da Caravana á cidade. Tratábase de mandar rapidamente un SMS ó número que aparecía nos Toyota Yaris cando se vía a Caravana, deste xeito entrábase no sorteo de fabulosos agasallos RIR creados en exclusiva para o festival.

Unha experiencia nova que resultou un auténtico éxito por parte de Toyota.

ASEGAL ASESORES
❍ Fiscal
❍ Administrativo
❍ Mercantil
❍ Laboral
❍ Subvencións
❍ Familia
Telefóno: 981 80 73 01 • Cacheiras s/n, 1ºA • Teo (A Coruña)
ASEGAL ASESORES

SEAT reinventa o Ibiza

TEXTO: Fernando Cuadrado
FOTOS: Seat

Seat elixiu un espazo de excepción para presentar en sociedade o seu novo Ibiza (considerado por unha boa parte dos especialistas do motor como o seu modelo máis representativo): o Salón do Automóbil de Madrid. Polo tanto, a elección deste evento como palestra de presentación non foi, polo tanto, casualidade, tendo en conta o significado deste coche para os seareiros do motor en España e tendo en conta (tamén) o ambicioso da proposta. De feito, o esforzo de Seat foi grande abondo, tanto no que se refire ó deseño, máis deportivo, como no seu nivel de condución. O remodelado Ibiza, entre outras cousas, incorpora a nova plataforma do Grupo VW deseñada para este segmento e máis o concepto de deseño Arrow Design, que achega unha feitura de trazos simples e marcados. Asemade, inclúe de serie airbag de cabeza e tórax ou o control electrónico de estabilidade ESP. O novo modelo, que evidencia na súa fasquía de punta de frecha a man de Luc Donckerwolke (xefe de Deseño da casa), incorpora de partida tres motores gasolina e un diésel, todos eles vinculados a transmisións manuais de cinco velocidades e cumprindo asemade coa normativa EU4 sobre emisións. Os de gasolina oscilan entre os 1.2 litros de cilindrada e 70 cv -o máis baixo da gama- e os 1.6 litros e 105 cv do máis alto. O diésel incorpora 1.9 litros e 105 cv. Polo que respecta aos interiores, dicir que se procurou aproveitar ao máximo o espazo dispoñible, de xeito que a sensación xeral é a de meirande amplitude. Amais do devandito, inclúe a nova radio black panel (con Bluetooth) e máis a posibilidade de incorporar navegador portátil e unha conexión sen fíos USB e Aux-in compatible co iPod.

Novos A3 máis deportivos

TEXTO: Fernando Cuadrado
FOTOS: Audi

O A3 -xurdido en 1996- está a piques de aparecer cunha nova face, sendo este verán cando se poña á venda a renovación. Os cambios do A3 Sportback e do A3 de tres portas van encamiñados cara a un estilo máis deportivo: maior lonxitude (o A3 mide 4,24 m. e o Sportback 4,29), un adobío curvado nos faros (wing), o parachoques e a grella do radiador dunha soa peza, intermitentes inseridos nos retrovisores...

O interior do A3 significa distinción: acabados en aluminio, un indicador de cambio que recomenda a marcha axeitada, un volante deportivo e tapizados de coiro. Grazas á tracción traseira Quattro, a superficie de carga fica poucos centímetros máis alta, e nas versións con tracción dianteira disponse dun chan de carga reversible.

A marca xermana pon á disposición oito motores para estes vehículos: cinco gasolina e tres diésel, seis deles son catro cilindros de última xeración, con inxección directa e turbosobrealimentación. A maioría destes motores contan cunha caixa de cambios de 6 marchas, existindo a opción dun cambio de 7 grazas ao dobre embrague S tronic.

Audi segue a idear compoñentes nos seus vehículos para facer máis doada a condución como a regulación electrónica dos amortecedores, Audi magnetic ride: a través dun conmutador o piloto elixe entre firmeza do chan ou traxecto suavizado.

O equipamento opcional conta con múltiples elementos, salientando o Audi parking system dianteiro e traseiro e o sistema de axuda de aparcamento.

O prezo dos modelos será de arredor de 22.690 euros.

Kuga
benvido ó bo camiño

O concesionario Gonzacar puxo á nosa disposición o novo modelo SUV (Sport Utility Vehicle) que Ford acaba de sacar ó mercado, trátase do Kuga, con mecánica 2.0 TDCi e acabado Titanium (alto de gama).

TEXTO: Luis Penido
FOTOS: Xabier Vilariño

Comparte plataforma co novo Focus mais esteticamente abraia por parecerse máis a un todoterreo que a un turismo: feitura trapezoidal para os faros e grandes entradas de aire no frontal. Mide 4,44 metros de longo, ten 1,84 de ancho e 1,71 de alto. Sen perder un aire de familia (típico Ford), a verdade é que garda certa semellanza con modelos da competencia coma o Volkswagen Tiguan ou o Nissan Quashai.

A versatilidade da súa carrozaría de cinco portas queda complementada cun portón traseiro de apertura completa ou parcial (abre só a parte superior para facilitar a carga en certas situacións, por exemplo cando estamos aparcados preto doutro coche).

Os acabados interiores son axeitados -de alto nivel- como nos ten afeitos Ford nos seus últimos produtos, aínda que algúns plásticos podían mellorar un pouco o seu tacto, xa que esteticamente están moi conseguidos. Por certo, xa dende o acabado Trend, o equipamento é ben completo e pon en evidencia a moitos dos seus competidores, nos que hai que acudir a custosos extras opcionais para igualar o que ofrece o Ford Kuga, e de serie. A unidade probada -con acabado Titanium- aínda é mais equipada e luxosa; inclúe tracción integral intelixente e climatizador bizonal, por citar dous exemplos.

A nivel mecánico, de momento só equipa un motor, o máis que probado 2.0 TDCi de orixe PSA, cun rendemento

JR oterocaritón
RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL
Polígono Industrial del Tambre - Vía Edison, 30
T 981 958 340 (8 líneas) - 981 958 342 (Pintura) Fax 981 958 341
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.oterocariton.com

STAR
SERVICIO TÉCNICO AUTOREPARACIÓN
TALLERES DEL AUTOMÓVIL

lineal e abondo para mover os máis de 1.600 quilogramos que pesa o Kuga. Evidentemente, as prestacións non son de infarto, mais si son abondas para un uso cotiá e encaixan á perfección coa filosofía do modelo.

A nivel de condución, acontece un pouco o mesmo, un centro de gravidade máis alto co dun turismo xunto cun peso elevado provocan máis inercias, e a medida que incrementamos o ritmo nas curvas, a precisión inicial vaise perdendo e lembrándonos que con pasaxeiros e carga superamos as dúas toneladas de peso. Abofé que non se trata dun modelo para practicar condución deportiva, porén sempre amosa nobreza e avisa axiña se estamos chegando ó límite da súa adherencia. En estrada mollada confirma as súas virtudes, o control de estabilidade (ESP) corrixe os pequenos excesos nas curvas practicamente sen que o condutor se decate.

As prestacións e consumos vense moi favorecidos polo sistema de tracción intelixente que funciona repartindo en todo momento o par motor ás rodas que teñen máis tracción. Na nosa proba obtivemos un consumo medio de 7 litros por cada 100 quilómetros percorridos.

Fóra da estrada este sistema de tracción abraia pola súa eficacia aínda que loxicamente non chega ós extremos dun todoterreo puro con diferenzas autoblocantes e rodas de tacos. Para circular por pistas forestais nunca votaremos en falla capacidade de tracción, malia que o piso sexa moi escorregadizo.

A posición de condución elevada, sempre achega unha sensación de dominio e seguridade fronte ó tráfico que nos rodea.

Orientada cara a potenciais clientes interesados nunha estética de todoterreo, pero que non van circular fóra da estrada, está prevista a comercialización do Ford Kuga só con tracción dianteira podendo ofrecer así un prezo aínda máis reducido.

Para ser a primeira vez que Ford comercializa un vehículo deste segmento, a verdade é que resulta un produto redondo: unha estética atractiva e un prezo rompedor. Augúranse boas vendas para este modelo. Se queren sentir de primeira man as sensacións dun Ford Kuga non teñen máis que pasar polo concesionario Gonzacar en Santiago de Compostela e solicitar unha proba. Seguro que gozarán coa súa condución.

No interior apréciase claramente o bo nivel dos acabados da marca

Ficha técnica

Motor:
4 cilindros en liña, turbodiésel.
Cilindrada: 2.000 cm3
Potencia: 136 cv a 4.000 rpm
Par máximo:
320 NM a 2.000 rpm
Cambio:
Manual de seis marchas
Tracción: ás 4 rodas
Velocidade máxima: 180 km/h
Consumo medio:
6,4 l/100 km (estrada/cidade)
Emisións de CO2: 169 gramos/km
Capacidade maleteiro:
410/1.405 litros

Para unha mellor seguridade viaria

Revise as luces do seu vehículo

R'AUTOMÓVILES
Mantemento integral do automóbil
San Marcos, 72 - 15890 - Santiago
Tfno.: 981 052 187
Móvil: 646 531 942

Copas AUTO-ESCOLA
FACEMOS CAMIÑO ENSINANDO A PERCORRELO
Hórreo nº 23 Santiago de Chile, 34
Telf: 981 56 22 11 Telf: 981 59 58 59
SANTIAGO DE COMPOSTELA

moto 93
ESPECIALISTAS EN MOTOS DE TRIAL

VENTA Y REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS, SCOOTERS Y CICLOMOTORES
CEPEDA - OZA (TEO)
T 981 807 027 • M 696 936 272

Renault Mégane F1 Team R26

Fórmula 1 ...da estrada

Que a Fórmula 1 repercute nos autos de tódolos días, ninguén o dubida. Que a tecnoloxía e seguridade dos monoprazas do Continuental Circus deriva nos coches que empregamos a cotío, por suposto. E que o tirón deste deporte, emprégase na oferta de modelos, tamén adoita darse. Renault festexou o seu segundo título con Alonso pondo á venda un singular bólido. É tempo de agarrarse, ou como conducir un F-1 carrozado polas nosas estradas. Agradecémoslle a Marcos Parada, propietario da unidade nº 3165, a cesión deste modelo para facer a proba.

TEXTO/FOTOS:
Miguel Cumbrados

No ano 2006 Renault e rnando Alonso acadaron o segundo título nsecutivo de Fórmula 1, xusto antes de que o vetense decidira facer o ransbordo a McLaren. E ara celebralo a marca do nbo decidiu comercializar pór na rúa un prezado oche, bautizado como Mégane F1 Team R26. Así, nacía unha serie limitada ligada irectamente a un chasis "Cup", con novas gulacións e un diferencial *utoblocante*. Deste xeito, achegábase maior eficacia tanto na estrada coma na pista. Un afinado motor de 2 litros, con alimentación turbo, axustando a potencia en 230 cv, ben detidos (cando cumpre) por un eficaz sistema de freos Brembo, dan realce e poderío a un vehículo referente no segmento das berlinas deportivas. Para máis *inri*, este modelo saíu directamente da factoría situada na localidade francesa de Dieppe, onde se fan todos os produtos de *Renault Sport Technologies*

O mellor

Motor
Chasis
Seguridade

O peor

Prezo
Consumo

Ficha técnica

- ***Modelo:*** Renault Mégane F1 Team R26
- ***Cilindrada:*** 1.998 cm³
- ***Potencia:*** 230 cv a 5.500 rpm
- ***Par máximo:*** 310 NM a 3.000 rpm
- ***Cambio:*** Caixa manual de 6 velocidades
- ***Velocidade máxima:*** 237 km/h
- ***Consumo medio:*** 8,5 l/100 km
- ***Capacidade maleteiro:*** 330 litros

O stripping decorativo loce en: parachoques, portas e teito

Estética coidada, interior deportivo

O interior amosa detalles moi racing, coma os asentos Sparco

Exteriormente o Mégane F1 Team R26 diferéncias dos outros modelos polo singular *stripping* decorativo, presente nos parachoques, portas e teito, aderezo particular con feitura de xadrez. De igual xeito, un toque especial danllo as contundentes pinzas de freo, presentadas en cor vermella. A maiores as iantas de antracita con 18", coinciden en tonalidade cos espellos retrovisores, desta volta todo nun gris escuro.

Abrir as portas significa introducirse nun habitáculo moi *carreirista*. Placa numerada coma as dos F-1, envolventes asentos deportivos Recaro, que permiten unha posición de condución cómoda, facendo directamente corpo co vehículo. A moderna tecnoloxía -presente en reloxos e *medidores*- complétase cunha panca de doado manexo, sobresaíndo un freo de man en forma de rectángulo.

Valoracións

Sen dúbida algunha o mellor argumento deste coche é o seu motor. Dous litros, culata de 16V e turbo, permítenlle unhas prestacións altas, grazas a unha caixa de 6 marchas manual que rende correctamente. Cando un se pon ós seus mandos, logo de darlle ó botón de *start* –non hai chave para arrincalo– atópase con dous tipos de condución ben distintos, en función do control de tracción electrónica ESP, dándolle un toque máis ou menos deportivo e incidindo, por suposto, no eido da seguridade. Os envolventes asentos aseguran unha comodidade ó volante, percibindo as sensacións de atoparse nun verdadeiro coche de carreiras. Cómpre tamén salientar os seus amortecedores e resortes específicos, dureza típica das suspensións dun vehículo moi *racing*, abofé que un dos mellor GTI da gama existente no mercado.

Impoñentes os dous escapes

Opina o propietario

"Estou moi contento co seu funcionamento, tanto en marchas curtas coma longas. O motor é áxil, se cadra respondería mellor un atmosférico de máis cilindrada, pero o turbo vai fenomenal, aínda que se che gusta correr o consumo dispárase. Do interior subliño os asentos Recaro e o posto de condución, sen esquecer o freo de man, dunha concepción pouco común. No que atinxe ás suspensións, estas son duras, pero permiten unha mellor tracción, cousa que sería imposible cunhas máis brandas. Custoume adaptarme ó sistema autoblocante, que permite un agarre e unha seguridade extraordinaria".

230 cv saen deste motor Renault

Lamia de 18" e completo sistema de freado Bembo

"Malaisia simboliza abrir unl mercados que nunca tentara

A empresa galega Urovesa venderá 85 vehículos ó Ex

URO Vehículos Especiales S.A. (Urovesa), empresa galega fundada en 1981 e con sede no compostelán Polígono do Tambre, abrangue o sector da automoción dinámica. Máis polo miúdo, a súa actividade vai orientada cara a fabricación de vehículos especiais todoterreo, cunha ampla gama de aplicacións en diversos eidos industriais ou militares.

TEXTO: Fernando Cuadrado
FOTOS: Urovesa

Urovesa é líder no seu sector dentro do mercado español: en 2005 o Ministerio de Defensa de España seleccionou de novo un dos seus vehículos –o Vamtac- garantindo deste xeito a produción do mesmo polo menos até o ano 2010.

Amais (centrándonos xa no miolo desta entrevista,) cómpre lembrar que a compañía galega venderalle 85 vehículos Vamtac ó Exército de Malaisia (Asia do Sureste). Por este contrato, a empresa vai ingresar uns doce millóns de euros. A xuízo dos responsables da firma compostelá, este novo paso comercial constitúe un exemplo de porta que se abre a mercados nunca antes albiscados nos seus programas.

Urovesa bateu no ano 2007 o seu récord de facturación. O fabricante de vehículos militares facturou 42 millóns de euros, dos que o sesenta por cento procedían de vendas a outros países.

Justo Sierra -director xeral de Marketing de Urovesa- afonda a continuación nestes e noutros temas.

Sprint Motor: Que significa para Urovesa este contrato para subministrarlle 85 Vamtac a Malaisia?

Justo Sierra: Malaisia simboliza abrir unha porta a uns mercados que nunca tentaramos abranguer. Con este contrato, que suporá unha achega de 12 millóns de euros para a empresa, ráchanse as barreiras ora culturais e ora físicas que nos afastan.

SM: Esta operación ábrelle as portas a Urovesa para seguir aumentando as súas vendas no mercado asiático nos vindeiros anos?

JS: A estrutura da empresa ten unha facturación do 60% en países foráneos. Mellorar a porcentaxe de facturación no exterior supón diversificar riscos. Non debemos depender dun só mercado, aínda que en España temos unha facturación ben estable.

No caso de Malaisia, contamos co apoio dun socio industrial do propio país para introducírmonos no seu mercado dun xeito máis doado, recibindo este socio parte da facturación resultante. A cooperación cunha empresa do mesmo país é importante: responderá á necesidade dunha transformación dos vehículos no país de destino, a unha posta en marcha do marketing dentro dese mercado, así como a outros servizos esenciais tales como un servizo

ha porta a uns mos abranguer"

ército do país do Sureste asiático

técnico ou de asistencia preto do cliente.

SM: Urovesa aumentou o pasado ano 2007 o investimento en I+D+I para seguir investigando a fabricación de vehículos con máis blindaxe e protección. A partir de agora, en que eidos se vai centrar a investigación da empresa?

JS: Nós non vendemos vehículos en si mesmos, senón respostas a necesidades concretas, así que as nosas investigacións céntranse nas posibles aplicacións e solucións ós problemas que os nosos clientes poidan ter. Isto require un esforzo en I+D moi importante. Para nós a investigación é un feito constante, un punto forte para competir –como empresa pequena- contra grandes fabricantes e xigantes da automoción.

SM: Cales son os mercados con maior potencial de crecemento para Urovesa e en cales teñen pousadas as súas miras para este ano?

JS: Este ano teremos unha facturación moi forte, trátase dun contrato que temos con Marrocos que xa vén do ano 2007. O contrato con Malaisia é orientado máis cara o ano 2009 que para 2008. Tamén teremos pequenos contratos con países de Sudámerica e de África, que suporán uns ingresos menores. Para este ano 2008 temos case pechado un contrato co Ministerio de Defensa de Romanía. En definitiva: Romanía, Marrocos e Malaisia para o vindeiro ano.

Un dos activos de Urovesa é o poder deseñar vehículos especiais á carta

SM: Que obxectivos de facturación teñen para este 2008?

-Tentaremos superar un pouco os deste pasado ano 2007, o que suporía xa uns ingresos importantes se atendemos a que no ano 2007 acadamos a cifra de 42 millóns de euros, sendo a media de facturación nos anteriores anos de arredor dos 20-25 millóns de euros. Todo o que sexa manter ou incrementar a facturación será un resultado extraordinario, deste xeito estariamos mantendo os niveis de crecemento que temos acadado nestes últimos anos.

HISTORIA

Fundada en 1981. A empresa compostelá abriu as súas portas neste ano e situouse no mercado collendo a experiencia e os coñecementos acumulados de persoas altamente especializadas no eido da fabricación de vehículos todoterreo para aplicacións industriais.

Desde 1983 camións TT URO para Protección Civil e Medio Ambiente. Xa nos comezos da súa actividade a gran especialidade de UROVESA, dentro do ámbito civil, ten sido a fabricación de camións contra incendios forestais e para Protección Civil, existindo a día de hoxe en España máis de 500 unidades orientadas cara o coidado e a protección do noso contorno.

1984. Provedores do Ministerio de Defensa de España. UROVESA convértese en 1984 no provedor exclusivo de vehículos de 2 toneladas de carga útil en todoterreo (4 Tm sobre chasis) para o Ministerio de Defensa ó gañar o seu primeiro concurso ("Declaración de Necesaria Uniformidade").

Tres declaracións de Necesaria Uniformidade Consecutivas para os camións TT URO (1984, 1990 e 1997).

Logo do éxito colleitado en 1984, UROVESA é quen de gañar outros dous concursos de maneira consecutiva –en 1990 e 1997- competindo coas máis prestixiosas marcas todoterreo do mundo.

1990. 1990: Vehículos con caixa de cambios automática. Na actualidade, todas as unidades militares entregadas ó Ministerio de Defensa van equipadas con caixa de cambios automática, o porqué atopámolo na súa fiabilidade, no doado da súa condución e no baixo custo de mantemento. UROVESA foi pioneira, dentro do noso país, á hora de introducir esta innovación tecnolóxica aplicada a vehículos todoterreo destas características.

Control de calidade desde 1993. Este control de calidade está suxeito ás máis esixentes normas AQAP da OTAN.

1996. Desenvolvemento do Vehículo de Alta Mobilidade (VAMTAC). Este modelo supuxo un novo reto para UROVESA: o desenvolvemento dun vehículo de 1,5/2,0 Ton de carga útil en todoterreo, multi-emprego, para espallar a nosa gama de produtos e complementar ós camións TT URO.

1997. Camións TT URO en Europa. Neste ano, os camións TT URO foron designados como a contribución vehicular española ó Cuartel Xeral do Euro-Corp, con sede en Estrasburgo.

1998. Novo contrato co Ministerio de Defensa. UROVESA faise provedor exclusivo de vehículos lixeiros de 1,5 Ton en todoterreos co vehículo VAMTAC.

2003. Desenvolvemento do VAM TL. O complemento do VAMTAC, para aplicacións que requiran menor capacidade de carga. O devandito modelo entrou en produción na segunda metade de 2004.

2005. O VAMTAC seleccionado de novo polo Ministerio de Defensa. Este feito significou a garantía de que a produción deste vehículo continuará polo menos até o ano 2010.



Educando en Galicia
as galegas e os galegos
do século XXI

galescola
rede galega de escolas infantís

29 millóns de euros de investimento e 990 novos postos de traballo
99 novas escolas públicas espalladas por todo o país
5.490 novas prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Campionato de Galicia de Todo Terreo

Sen atrancos

Tres... de tres

De congostras e lameiros

REPORTAXE FOTOGRÁFICA: Miguel Cumbraos

Sentido da orientación e pericia perante os atrancos, dar cos way-points postos pola organización e salvar as diversas zonas espectáculo, sumando pouco tempo e sen penalizar: deste xeito resúmese a filosofía do Ecotrack, a versión do todo terreo en Galicia, especialidade en auxe e que semella asentarse na nosa autonomía.

A experimentada man de Agustín Fernández, home curtido neste terreo, está detrás dunha modalidade que atrae ós fanáticos do 4x4 para atopar pistas nos percorridos e vencer as trampas nas trialeiras. E todo isto espallándose, máis ou menos, polas catro provincias galegas en xornadas de venres, sábado e domingo.

O exercicio actual viu a celebración de tres mangas: Ponte Caldelas, na provincia de Pontevedra, Celanova, na de Ourense, e Sarria en Lugo caracterizándose por percorridos diversos, zonas xugosas e climatoloxía ben dispar. Porén, nunha cousa coincidiron as tres e foi no nome dos vencedores. Malia ós esforzos dos seus rivais, Yáñez-Rodríguez (Land Rover Defender, T1) e Ucha-Lamoso (Suzuki Samurai, T2) asinaron un Hat-Trick -empregando a expresión futbolística- nas citas antes sinaladas. Teñen bo camiño andado aínda que, visto o empuxe doutros participantes, todo pode mudar nas vindeiras etapas de Navia, Neda e Ribadeo.

Na auga

Con lama

Contra as pedras

Polo aire

Pola herba

Na terra

TU BODA

SALONES CONGRESO
Carretera de La Estrada, Km. 3 · MONTOUTO
Teléf.: (981) 81 90 80 · Fax: 81 91 24
15894 Santiago de Compostela

Nacional de ralis
Rali Cantabria Infinita (3ª proba)

O norte existe e ten o seu aquel nos ralis. Así queda ben definido cando se suceden as probas desta latitude, malia ós intereses das marcas por espallar o calendario ó longo de todas as comunidades estatais. E Cantabria, con moita afección nas beirarrúas, foi o primeiro exemplo, algo que se vén repetindo.

Segunda vitoria para Jordi Martí na Produción.

O ex campión de España Alberto Hevia arrincou con vitoria na Evo Cup.

Outra vez Ferreiro, con nova decoración, amosouse intratable en Históricos.

Miguel Cumbraos — Parque pechado

Correndo na casa Ojeda non deu opción, obtendo o primeiro triunfo do ano.

Profeta na casa

Chegou o norte

FOTOS: Sprint Motor

Correndo na casa: Ojeda non podía, nin debía fallar. Liderou a proba, afastouse do seus rivais e deixou claras as intencións de ser campión estatal….despois de vencer por Europa adiante. Nin Fuster -segundo no derradeiro intrenin Vallejo, -termando do liderado da global- puideron co home do 207 oficial.

Santander confirmou aquilo de "quen tivo…retivo" na persoa de Alberto Hevia. O ex campión nacional liderou a Mitsubishi Cup, oferta que tivo que aceptar despois de que os orzamentos non foran xustos con el. E as sempre delicadas estradas cántabras, desta volta con moitos cambios nos debuxos, amosaron do mesmo xeito: a forza de Ferreiro en Históricos, a experiencia de Vallín no Desafío, as prestacións de Martí na Produción ou o sen rivais de Fombona na nova oferta Nissan.

A cita santanderina abriu, entón, a listaxe de citas que se disputan por terras onde o rali desprende unha esencia especial. Así mesmo acontece en Galicia, que agarda -como cada ano- o desenvolvemento das súas tres probas máis sobranceiras.

Todo un experto en promocións como Vallín levouse o Desafío Peugeot.

XVII Rali do Albariño

Dobre operación

TEXTO: Miguel Cumbraos
FOTOS: Sprint Motor

Cumpriríase aquilo de non hai dous sen tres na persoa de Burgo? Pois non. O asfalto do Salnés, anegado pola chuvia, viu o terceiro triunfo do ano….dun Mitsubishi, desta volta o de Alberto Meira. Vitoria e liderado do galego para o de Vincios, nun rali ben difícil.

No asfalto de Meaño: Burgo, de primeiro, con menos dun segundo sobre Penido. Chove, mellor diluvia, e a caixa de cambios do EVO lucense cede na seguinte especial. Malia a problemas cos colectores de escape, o compostelán toma o mando, liderando o final da primeira sección. É día de auga, os 4x4 coma peixe….neste terreo, e polo camiño xa son baixa Pampillón, Piñeiro, Valcárcel, Pazó, etc.

Segundo xiro polas cronometradas de Meaño e Barro. Penido, ilusionado pola posición…e pola chuvia, canta aquilo de "o meu gozo nun pozo". Réndense os espárragos e as posibilidades de facer podio. Meira, grupo N punteiro, está ó quite e colle a cabeza. A Rubiáns -no reagrupamento do mediodía- o de Vincios chega acompañado no podio provisional de Rico e Pablo Rey, ós mandos de cadanseus Mitsubishi….para non variar.

A tarde foi para contemplar e non tomar riscos. Meira asinou unha gran vitoria, que o empurra ó liderado do galego, mentres que o actual campión –Bamartivía como o seu motor dicía abonda despois do neutralizado primeiro paso por Rebón. No entanto: Rico, Rey e Casares (o vigués tamén cun Lancer) copaban as seguintes tres prazas, un inspirado Martínez Carracedo mandaba no grupo X dende o quinto lugar. Bos ralis tamén de Santi Martínez, co 106, e Roberto Blach, o coruñés remontando dende atrás.

Moita alternancia no Volante RACC. Con Pazó fóra de competición na primeira especial do día, Pais, "Roi" Rodríguez e Tino Iglesias, sucedéndose na cabeza, sendo finalmente para este último a primeira posición. Rubén Domínguez e o citado Pais completaron o podio da oferta catalá.

Tras o infortunio de Noia, Meira acadou en Cambados unha merecida vitoria

Rico –na imaxe– e Pablo Rey, cor naronés para as outras prazas de podio

Moi movido estivo o Volante RACC, onde venceu o local Tino Iglesias

Clasificación final

POSTO	PILOTO	NAVEGANTE	VEHÍCULO	TEMPO
1	ALBERTO MEIRA FDEZ	ÁLVARO BAÑOBRE LOMBA	MITSUBISHI EVO IX (1º gr. N)	00:39:28:900
2	FERNANDO RICO RGUEZ	SERGIO MARTÍNEZ LUACES	MITSUBISHI EVO VIII (1º gr.A)	00:40:24:700
3	PABLO REY VÁZQUEZ	CARLOS AMENEIRO RAMIL	MITSUBISHI EVO IX	00:40:59:900
4	JUAN MANUEL CASARES	MIGUEL ÁNGEL CASARES	MITSUBISHI EVO IX	00:42:10:800
5	JAVIER MTNEZ CARRACEDO	SANDRA MONTOTO PÉREZ	RENAULT 5 GT TURBO (1º gr.X)	00:42:20:700
6	SANTIAGO MTNEZ RDGUEZ.	MIGUEL UZAL GÓMEZ	PEUGEOT 106	00.42.38.300
7	ROBERTO BLACH GONZÁLEZ	ALEJO SOUTO LAJE	RENAULT CLIO R3	00:42:56:700
8	CELESTINO IGLESIAS CORES	JORGE IGLESIAS CORES	CITROEN SAXO VTS (1º RACC)	00:42:57:000
9	RUBÉN DGUEZ MÁRQUEZ	CRSITINA MOSQUERA RGUEZ	PEUGEOT 106 GTI	00:43:10:600
10	ALEJANDRO PAIS GILSANZ	SANTIAGO PAIS GILSANZ	PEUGEOT 206	00:43:22:500

Até noventa e cinco clasificados

Parque Pechado

Por Miguel Cumbraos

"Ó mal tempo…

….boa cara" adoita dicirse, mais nas carreira de coches unha climatoloxía adversa significa cousas ben diversas, segundo de que punto de vista se mire. Así de explícito resultou nas tres mangas do galego de ralis 2008, caracterizadas polo tempo desapracible e o escorregadizo do chan.

Chuvia no asfalto do Deza. Auga e vento nas estradas do Barbanza. Treitos case asolagados no Salnés. Todo por mor desa climatoloxía tan galega (cambio climático?) que no corazón da primavera non comunga con aquilo de "maio florido e fermoso".

Ante semellante panorama, nada que dicir da avalancha e forza do 4x4. Lexión Mitsubishi ó poder, con catro unidades nos primeiros catro postos da carreira, posicións nas que tamén estarían Pedro Burgo e Luís Penido de non ser polos seus abandonos. Tracción total invencible nestas circunstancias, resignación doutros coches habituais de postos cabeceiros, que deberán agardar outros tempos máis favorables.

AD Grupo Regueira
C/ VIA EDISON, 54 - POL. DEL TAMBRE
15890 SANTIAGO (A CORUÑA)
Telf.: 981 578 066 - Fax: 981 563 090
www.adgruporegueira.es
comercial@regueira.com
ad

Mónaco... á francesa

Larini foi o mellor da combativa armada Chevrolet

Cada país fixo unha escolla entre as súas vilas, o obxectivo era ofertar carreiras. En Portugal: Vila Real e Vila do Conde. En España: Alcañiz e Montjuich, entre outras. E polo mundo adiante: Long Beach, Detroit, Vancouver, Macao, Norisring, e por suposto Mónaco.

TEXTO: Miguel Cumbraos
FOTOS: Sprint Motor

Francia, cunha ampla tradición en pistas permanentes, tamén tivo os seus circuítos urbanos, dos que só sobrevive un, adaptándose ós tempos que corren e ás ofertas en materia de competición. Trátase do circuíto de Pau -unha estreita pista de 2,760 metros- na capital dos Pirineos Atlánticos, non moi lonxe da fronteira con España.

A súa orixe remóntase ó ano 1901, sendo o primeiro na historia en ser chamado Gran Premio (Grand Prix de Pau). Viviu un lapsus até 1933, ano da segunda edición, sendo as seguintes entre 1935 e 1939. Pilotos da talla de: Nuvolari, Fangio, Ascari, Clark, Stewart, Alesi, Montoya ou Hamilton venceron en diversas categorías.

A evolución das carreiras e as complexas condicións de seguridade foron variando a oferta que se pode ver nesta vila, oferta que fai coincidir as súas probas co fin de semana de Pentecostés.

Así, Fórmula 2 e Fórmula 3000, competiron nas súas rúas até os anos 1984 e 1998 respectivamente. Con posterioridade, Pau apostou pola Copa Europea de Fórmula 3, evento de corte independente, coma Macao ou o Masters desta modalidade. A última opción -cunha validez de tres anos- é o Mundial de Turismos, do que podemos ver belas imaxes nesta páxinas.

Angosto, con zonas de subida e baixada, longas rectas e difíciles codos, o circuito de Pau debúxase na parte baixa da vila, nas proximidades da estación e do parque Beaumont. Os viraxes da citada estación: do instituto, a ponte Oscar, a zona de Foch ou Buisson, adoitan ser os puntos máis delicados dunha pista que ano tras ano presenta carreiras de gran intensidade….e non poucos golpes.

As liortas son habituais no estreito trazado pirenaico

Gené -co León TDI- foi o mellor dos españois, obtendo un terceiro posto

Muller e Farfus -na foto- impuxeron os seus BMW na pista francesa

O local Cazenave -na imaxe- e o italiano D'Aste, venceron entre os independentes

HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.
Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01
Fax: 981 58 80 70
Gómez Ulla, 16
SANTIAGO

Nuevo modelo Piaggio M500, sin carnet.
DISTRIBUIDOR OFICIAL PIAGGIO

Talleres BASTON
MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvador, nº 23 -
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627
SERVICIO DE GRÚA PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498
Especialista en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios especiales
Preparación vehículos de competición y accesorios racing

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

Vitoria sufrida

44 Rali Rías Baixas Redcom

TEXTO: Miguel Cumbrados
FOTOS: Sprint Motor

A Ojeda faltáballe no seu palmarés unha vitoria en Vigo, para acadala o cántabro tivo que loitar abondo. O seu 207 funcionou coma un reloxo de precisión, mais os seus rivais non lle puxeron doadas as cousas. Segunda vitoria do ano para o oficial de Peugeot, que recorta na carreira cara o título.

Vallejo sabía que o Rías Baixas era unha cita axeitada para o seu Porsche. Liderou o rali e pelexou até case o final por levarse a vitoria. Magnífica prestación do lucense, ou como enfrontarse ós equipo oficiais con ferramentas de estrutura privada.

O ano pasado os *furazos* outorgáronlle unha vitoria, pola que tamén batallou. Este ano Hevia tense que conformar con conducir un EVO IX, co que procura a oferta de Mitsubishi como obxectivo principal. Como acontecera en Santander, en Vigo liderou con comodidade.

Tres ralis e tres primeiras prazas. Ferreiro tórnase sinónimo de eficacia e, por suposto, de espectáculo. Volveu a dar unha lección de como levar de lado un Escort… e non morrer no intento. *Chapeau* para o de Melide!

Nin Ourense nin Ferrol contarán para o Desafío, a veterana oferta promocional de Peugeot Sport. Na saída moitos galegos, aínda que non todos estiveron na chegada. O madrileño Alberto Monarri mandou con man firme e dende o terceiro posto da xeral, o coruñés Víctor Senra (malia a unha saída) ficou como o autonómico mellor clasificado.

SIENTE LA POTENCIA DE LOS NUEVOS MOTORES TURBO TESTADO POR RAIKKONEN Y SCHUMACHER
NUEVO BRAVO 1.6 DIESEL MULTIJET POR 15.750€.
Descubre los nuevos motores Turbo del Fiat Bravo, más potentes y con menor consumo.
6 AIRBAGS > FAROS CON CORNERING > CRUISE CONTROL > RADIO CD > AIRE ACONDICIONADO
HASTA 2.500€ DE AHORRO EN TODA LA GAMA BRAVO
www.fiatbravo.es 900 542 800
FIAT
NOYASTAR, S.L.
Vía Edison, 3 - P.I. El Tambre
Tel. 981 57 77 78
Santiago de Compostela.
www.grupoNoya.com

Pedrosa vence perante os seus seareiros no Gran Premio de Cataluña

Valentino Rossi fixo unha apoteótica remontada

O circuíto de Cataluña foi protagonista da sétima cita do Mundial de MotoGP que conseguiu congregar, ó longo dunha fin de semana, a un total de 203.000 persoas.

TEXTO: Redacción
FOTOS: Pablo Saa

O circuíto de Cataluña foi protagonista da sétima cita do Mundial de MotoGP que conseguiu congregar, ó longo dunha fin de semana, a un total de 203.000 persoas.

A nosa representación volveu a estar á altura no segundo encontro que pisou territorio español esta tempada. De feito, os tres podios contaron ca representación nacional, aínda que só nunha das categorías se obtivo a vitoria española.

O maior protagonista na categoría raíña foi Dani Pedrosa, que por fin acadou en MotoGP un triunfo para a súa afección, aconteceu no circuíto que o viu medrar. O catalán amosouse intratable desde o primeiro xiro, fuxindo sen compaña e incrementando as distancias unha volta tras doutra.

O gran duelo protagonizárono Stoner e Rossi, malia que a vitoria final foi para o italiano, que se impuxo ó adiantar ó de Ducati na derradeira volta. Hai que salientar que Valentino tiña comezado a carreira desde o noveno posto.

No cuarto de litro, Bautista ficou coa mel nos beizos. Por máis que levaba dirixida a carreira durante 22 voltas, na última un pequeno erro arrebatoulle o éxito. O de Talavera -que se ía longo nunha curva- deixou un oco que o italiano Marco Simoncelli soubo aproveitar. Así pois, Simoncelli asinou a súa segunda vitoria consecutiva, precedido polos españois Bautista e Barberá.

A carreira de 125 cc. foi a encargada de alentar ós milleiros de espectadores que ateigaron a pelouse de Montmeló. O triunfo foi para o francés Di Meglio, o mozo Espargaró rematou segundo e Gabor Talmacsi foi terceiro. No oitavo de litro, numerosos foron os españois que non remataron, entre eles Olivé e Terol.

0403 MIS
EURO NCAP
¿Y SI LA TECNOLOGÍA CREASE UNA NUEVA FORMA DE BELLEZA?
Cuando empezamos a diseñar el nuevo Ibiza, nos hicimos una pregunta: ¿es posible crear un coche que sea una obra maestra del diseño y además incorpore la tecnología más avanzada? El nuevo Ibiza ya está en tu Concesionario y, con él, todas las respuestas.
NUEVO SEAT IBIZA. LA PERFECTA UNIÓN ENTRE BELLEZA Y TECNOLOGÍA.
composteladamotor.seat.es
SEAT
Auto emocion
COMPOSTELA MOTOR, S.A. C. MILLADOIRO - BALCAIDE, S/N - SANTIAGO DE COMPOSTELA - TELF. 981 531 243 - ABIERTO SABADO TODO EL DIA